Os primeiros premios dos certames Xosé Carlos Caneiro Pérez (poesía) e Antonio Fernández Pérez (relato curto), organizados polo Concello de Verín e Supermercados GADIS con motivo do Día das Letras Galegas, foron este ano para alumnado do IES Castro de Baronceli, Colexio Plurilingüe María Inmaculada e CEIP Amaro Refojo. Cada un destes centros levouse dous primeiros premios.

No Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez, no nivel de 5º e 6º de Primaria, o primeiro premio foi para a narración As augas do tempo de Paula Novoa Sotelo, alumna do CEIP Plurilingüe Amaro Refojo. No nivel de 1º e 2º de ESO, a gañadora foi Kira Cortés Adegas, alumna do IES Castro de Baronceli, con Unha viaxe durmida. En 3º e 4º de ESO, Un raio de esperanza de Miguel Rey Álvarez, alumno do Colexio Plurilingüe María Inmaculada, foi o gañador.

No Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez, no nivel de 5º e 6º de Primaria o poema gañador foi Nai de Candela Rivero Carrasco, alumna do CEIP Plurilingüe Amaro Refojo. En 1º e 2º de ESO, Ela é de Eva Calviño Álvarez, alumna do Colexio Plurilingüe María Inmaculada. No nivel de 3º e 4º de ESO, gañou o poema O silencio de María Alfonso Fernández, alumna de 4º do IES Castro de Baronceli.

Trinta narracións presentáranse á fase final do Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez e vinte e seis poemas á do Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez.

No Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez no nivel de 5º e 6º de Primaria a terna de gañadores completárona As tres xogadoras de Chloe Justo Meno, alumna do Colexio Plurilingüe María Inmaculada, 2º premio; e Perdidos no bosque de Adrián Colmenero Martínez, alumno do mesmo centro, 3º premio. No nivel de 1º e 2º de ESO, o 2º premio foi para Varado no espazo de Marcos Ferreiro Fírvida, alumno do IES Castro de Baronceli; o 3º premio obtívoo

Respetalos, é respetatarte a ti mesmo! de Alejandro Dorribo Villarino, alumno do Colexio Apostólico Mercedario. En 3º e 4º de ESO, María Dosantos Morais, alumna do IES Xesús Taboada Chivite, coa narración Querido diario, obtivo o 2º premio; o 3º foi para Anorexia de María Pérez Colmenero, alumna do IES Castro de Baronceli.

No Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez, no nivel de 5º e 6º de Primaria o 2º premio foi para o poema A auga de Bianca Bacarini da Silva, alumna Colexio María Inmaculada; e o 3º para Memorias dunha mazá de Martín Castro Gallego, alumno do Colexio María Inmaculada. No nivel de 1º e 2º de ESO, o 2º premio foi para Serenata á lúa de Valeria González Pérez, alumna do IES Xesús Taboada Chivite; o 3º para Almas en pena de Eloy Álvarez Salgueiro, alumno do IES Castro de Baronceli. En 3º e 4º de ESO, para o 2º premio foi escollida a composición poética En si mesmo de Tania Guerra Barja, alumna do IES Xesús Taboada Chivite; o 3º premio foi para o poema titulado Por todo o vivido de Saray Alonso Barbeito, alumna de 3º A do Colexio Plurilingüe María Inmaculada.

Os premios consistiron en contías económicas de 90 euros para os primeiros, 60 para os segundos e 30 para os terceiros, e lote de libros e diploma para todos os traballos premiados e finalistas.

Tamén se lle entregaron aos centros participantes (CEIP Plurilingüe Amaro Refojo, Colexio Plurilingüe María Inmaculada, Colexio Apostólico Mercedario, IES Castro de Baronceli e IES Xesús Taboada Chivite) bonos para compra de libros en galego por un importe total 1.080 euros. Entregándolle a cada centro bonos por cantidades que oscilan entre os 120 e os 360 euros, en función dos niveis que imparte cada centro e da presentación de ternas de finalistas. Desde o ano pasado, a base novena de ambos os dous certames especifica que “Para incentivar a lectura e escritura en galego, os centros radicados no concello de Verín, en cada un dos niveis que presenten tres traballos preseleccionados que cumpran as Bases, recibirán un bono para adquisición de libros por importe de 60 euros.”